

# de normalización lingüística

**28 E 29 DE ABRIL 2011**

AUDITORIO E AULA 1 DA FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN  
SANTIAGO DE COMPOSTELA



**CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA**

Pazo de Raxoi, 2º andar  
Praza do Obradoiro  
15705 Santiago de Compostela  
Tel. 981 95 72 02  
Fax 981 95 72 05  
[www.consellodacultura.org](http://www.consellodacultura.org)

**D**irixidos aos profesionais do sector, os expertos e as persoas preocupadas polo galego, os Encontros pola Normalización Lingüística constitúen o único foro regular, convocado anualmente, para o estudo, a reflexión e o debate sobre a planificación lingüística en Galicia e as cuestións relacionadas coa promoción do noso idioma. A presente convocatoria será a décimo terceira, todo un fito indicativo da consolidación e madureza dunha iniciativa que naceu e se vén alimentando das suxestións, propostas e colaboracións de colectivos, profesionais e persoas comprometidas na normalización da lingua. O centro de interese dos Encontros veñen sendo as políticas lingüísticas das administracións públicas, pero considerándoas nun marco social máis amplo, sen perder de vista os asuntos que van gañando relevancia e actualidade.

Os debates sociais e políticos recrudescidos nos anos pasados colocan sobre a mesa a cuestión da lingua como elemento de cohesión social, que será tratado na primeira conferencia. Eses mesmos debates fixeron aflorar actitudes encontradas ante o galego e a normalización lingüística, algunhas das cales permaneceran latentes durante décadas: este será outro dos temas abordados na primeira xornada. Ao final desta, celebrárase unha mesa redonda sobre unha cuestión de importancia estratéxica para o futuro do galego e insuficientemente atendida ata a actualidade: os procesos de desgaleguización e regaleguización da mocidade. Como tema de preocupación tradicional, abordaremos tamén iniciativas para a disponibilización dos recursos para a normalización do galego. Por parte, ao longo do programa serán presentados distinto tipo de recursos. As políticas lingüísticas como políticas públicas, as propostas dos partidos cara ao impulso do galego das administracións locais e a situación do idioma na administración de xustiza serán outros tantos aspectos abordados na segunda xornada.

Co esforzo e a participación de todos e todas, aprendendo da propia experiencia e do coñecemento de experiencias semellantes, mediante a reflexión, o diálogo e a colaboración, esperamos seguir contribuíndo a abrir o camiño da normalización do idioma galego, o que constitúe a grande empresa que nos inspira e nos anima.

- A inscrición realizarase exclusivamente a través do formulario habilitado no web do CCG.
- O límite de prazas establécese en 200 persoas. Teñen preferencia, pola mesma orde na que aparecen citados, os seguintes colectivos:

1. Técnicos/as de normalización lingüística en activo que desenvolvan o seu labor nos servizos de normalización lingüística ou servizos lingüísticos existentes en Galicia.
2. Outros profesionais do ámbito da planificación e da dinamización lingüística que estean a traballar actualmente no ámbito público ou privado.
3. Socios/as da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua, entidade colaboradora na organización deste evento.
4. Outras persoas interesadas.

O Consello da Cultura Galega poderá solicitar acreditación da adscrición ao colectivo que se alegue para incluírse en grupos preferentes.

A organización informará da aceptación da inscrición mediante unha listaxe de admitidos/as. Unha vez publicada deberá efectuarse o pagamento da matrícula. Non debe aboarse ningún pagamento antes.

- Prazo de preinscrición: **ata o 28 de marzo**
- Listaxe de admitidos/as: **31 de marzo**
- Prazo de matrícula: **do 1 ao 10 de abril**
- A cota de inscrición é de 10 €. Para estudantes e licenciados en paro: 5 €.
- Para os socios e as socias da CTNL é de balde.
- O pagamento farase efectivo mediante unha transferencia bancaria á conta:

CAIXA GALICIA 2091-0300-47-3110063172

PARA FORMALIZAR A MATRÍCULA DEBE ENVIAR O XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO. SE ESTÁ NOS GRUPOS DE MATRÍCULA REDUCIDA, DEBE INCLUIR TAMÉN UNHA COPIA DA TARXETA DO PARO OU DA MATRÍCULA NO CURSO 2010-2011

- Entregarase diploma acreditativo de participación nos XIII Encontros, emitido polo Consello da Cultura Galega.
- Para acadar o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

PROGRAMA || **xoves 28 de abril**

• **9:30 h.** ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN

• **10:00 h.** INAUGURACIÓN DOS ENCONTROS

• **10:15 h.** RELATORIO: **Lingua, cohesión social e desenvolvemento**  
• SANTIAGO PRADO

COLOQUIO

• **11:30 h.** PROXECTA: **Xenéricos en monodoses**

• **11:45 h.** PAUSA

• **12:30 h.** RELATORIO: **Actitudes lingüísticas en Galicia: unha aproximación cuantitativa**  
• CARLOS NEIRA

COLOQUIO

• **16:30 h.** RELATORIO: **Estratexias colaborativas para a difusión dos recursos da planificación lingüística**  
• ÁNGEL GARCÍA VIDAL: Límites legais e rendemento das licenzas compartidas  
• SUSANA GUITAR E SUSANA MAYO: A difusión documental nos espazos virtuais: Documentación Especial en Liña e Delingua

COLOQUIO

• **17:45 h.** PROXECTA: **videoxogo Viaxe ás Covas do Folón**

• **18:00 h.** PAUSA

• **18:45 h.** MESA DE DEBATE: **A experiencia neofalante: como chegar a mocidade ao galego?**  
• IOLANDA GOMIS, XURXO SOUTO, XURXO MARTÍNEZ E XANDRE VÁZQUEZ

COLOQUIO

• **ORGANIZA**  
Consello da Cultura Galega. Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia

• **COLABORAN**  
Coordinadora de Traballadores e Traballadoras de Normalización da Lingua e Secretaría Xeral de Política Lingüística

• **COMISIÓN ORGANIZADORA**  
Manuel Bermúdez Blanco  
Concepción Cochón Rodríguez  
Agustín Fernández Paz  
Valentín García Gómez  
Henrique Monteagudo Romero  
Xoán Rivas Cid  
Goretti Sanmartín Rei  
Nel Vidal Barral

• **COORDINACIÓN**  
Henrique Monteagudo Romero  
Susana Mayo Redondo

• **LUGAR**  
Facultade de Ciencias da Comunicación. Universidade de Santiago de Compostela. Avenida de Castelao, s/n. Campus Norte. Santiago de Compostela

• **MÁIS INFORMACIÓN E INSCRICIÓN EN**  
[www.consellodacultura.org](http://www.consellodacultura.org)  
[www.consellodacultura.org/arquivos/cdsg/](http://www.consellodacultura.org/arquivos/cdsg/)  
T 981 564 765 · F 981 582 985



Pazo de Raxoi, 2º andar  
Praza do Obradoiro  
15705 Santiago de Compostela  
Tel. 981 95 72 02  
Fax 981 95 72 05  
[www.consellodacultura.org](http://www.consellodacultura.org)

PROGRAMA || **venres 29 de abril**

• **10:00 h.** RELATORIO: **A promoción do galego como política pública**  
• XOSÉ LUÍS BARREIRO RIVAS

COLOQUIO

• **11:15 h.** PROXECTA: **Historia gráfica da normalización lingüística**

• **11:30 h.** PAUSA

• **12:15 h.** INFORME: **Análise da acción política no ámbito municipal**  
• COMISIÓN TÉCNICA DO CDSG

COLOQUIO

• **16:00 h.** MESA REDONDA: **Que facer desde os concellos para a promoción do galego?**  
• BELÉN REGUEIRA XUNTO CON REPRESENTANTES DO PARTIDO POPULAR, PARTIDO SOCIALISTA E BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

COLOQUIO

• **17:15 h.** PROXECTA: **Linguagalega.tv**

• **17:30 h.** PAUSA

• **18:00 h.** MESA DE TRABALLO: **O galego na Administración de Xustiza**  
• ANA LÓPEZ-SUEVOS, MARTÍN RAMOS, PATRICIA LÓPEZ E ANXOS SOBRÍÑO

COLOQUIO

• **19:15 h.** ACTIVIDADE LÚDICA: **A xeito de conclusións**  
• BRAIS FERNÁNDEZ

• **20:00 h.** CLAUSURA DOS ENCONTROS



**28 E 29 DE ABRIL 2011**

AUDITORIO E AULA 1 DA FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN || SANTIAGO DE COMPOSTELA

